

## PEZA DO MES

xuño

2018



**OITO ESCUDOS. CARLOS II**  
**IGREXA VELLA. XINZO DE LIMIA**

XUNTA DE GALICIA



LOCALIZACIÓN DO FÉRETRO NA ÁBSIDA DA IGREXA VELLA. XINZO DE LIMIA

## Oito escudos. Carlos II Igrexa Vella. Xinzo de Limia

A peza que presentamos –oito escudos de ouro de Carlos II, tamén coñecidos como *onza* ou dobróns de a oito–, apareceu no transcurso dos traballos arqueolóxicos realizados na parroquial de Santa Mariña, máis coñecida como Igrexa Vella, situada na zona antiga, na localidade de Xinzo de Limia, cabeceira da bisbarra.

A intervención arqueolóxica dirixida por Xusto Rodríguez (novembro 1995 - febreiro 1996), veu motivada polos traballos de consolidación, drenaxe e pavimentación da igrexa e do adro coa intención de recuperala para o culto, perdido a raíz da construción da Igrexa Nova. Estas escavacións poñen ao descuberto unha serie de espazos e estruturas que van contribuir a un mellor coñecemento da historia antiga de Xinzo e do seu trazado urbano, ao tempo que engadiron un novo valor patrimonial ao edificio.

Segundo o citado arqueólogo, o nivel arqueolóxico máis antigo documentado corresponde ao mundo altoimperial, datado dende comezos dos Flavios ata mediados do século II d. C. Esta cronoloxía aparece definida, fundamentalmente, por grandes cuncas de *terra sigillata* hispánica da forma Drag. 29, por gobeletes globulares e por cerámica de paredes finas, decoradas con barbotina, correspondente á forma Mayet XLIV. Xa nos séculos III - IV d. C., a eses niveis

vaise superpor unha *domus* urbana, cunha orientación que vai perdurar nas estruturas dos quinteiros, rúas e límites dos predios do Xinzo medieval e moderno. Sobre este xacemento romano, arrasado, vaise asentarmos unha necrópole tardorromana e, paseniñamente, outros elementos construtivos cunha secuencia histórica que permite facer un percorrido dende a Alta Idade Media ata o momento actual. A pequena igrexa construída no século IX-X, dunha soa nave con cabeceira en planta de ferradura, que reutiliza perpiños de clara labra romana nos seus paramentos, será ampliada no século XII cara ao noroeste, construíndose entón a portada románica que hoxe coñecemos. A esta igrexa románica corresponderá unha necrópole con sepulturas delimitadas tanto mediante laxas dispostas en arco de paréntese, como simples fosas de terra. Novamente no século XVI, segundo consta no Libro de Visitas de 1595, a igrexa resultaba pequena, baixa e moi mal axeitada polo que se ordena a construción doutra máis ancha, grande e espazosa semellante á próxima de Santo Estevo de Sandiás. É entón, cando o edificio adquire as dimensións actuais da nave, máis baixa no presbiterio e cuberta de cruzaría. De novo en 1628, este edificio coñecerá novas modificacións construtivas con engadidos de capelas no lateral norte, o que obrigará a unha nova pavimentación. Pero as reformas máis importantes parecen ser, sen dúbida, as efectuadas ao redor do ano 1650, cando se constrúen as fosas de enterramento que conforman o nivel de chan actual, o que obrigará a modificar

de novo todo o pavimento; nichos funerarios de tipo familiar onde se documentan sucesivos niveis de enterramento e reenterramentos, con restos humanos correspondentes tanto a individuos adultos como infantís, que nalgúns casos aínda conservan restos de calzado realizado con coiro de moi boa calidade. Con estes restos aparece asociada, como é frecuente nesta época, cerámica vidrada melada, Talavera da serie tricolor e moedas que nos sitúan no reinado dos Austrias, entre as que destaca esta moeda que hoxe damos a coñecer.

### **Oito escudos de ouro de Carlos II**

**Anverso:** CA[ROLVS II] D G

Escudo coroadado coas armas de Castela, León, Granada, Aragón, Sicilia, Austria, antigo e moderno de Borgoña, Brabante, Flandes e Tirol. Á dereita, no campo, marca de ceca, S; debaixo M, marca do ensaiador.

**Reverso:** HISPANIA[RVM REX] 1673

Cruz de Xerusalén cantonada, en cada cuartel unha flor de lis, dentro de orla de catro lóbulos. Gráfica de puntos.

**Diámetro máximo** 3,8 mm; Peso = 27,1 gr; Posición de cuños: 5,4 h.

Como indica a súa marca de ceca, foi cuñada en Sevilla e como todas as mal chamadas *macuquinas*, foi cuñada a martelo, cunha técnica pouco coidada, pero respectando talla e lei e sen mingua, como fixa o seu peso. O encargado de velar pola súa lei e autenticidade foi o ensaiador Manuel Duarte, nomeado pola propietaria do oficio de ensaiador, dona Antonia Guzmán, condesa de Luna, para exercer na Casa da Moeda de Sevilla desde 1651 a 1676, ano do seu falecemento.

Foi depositada de maneira intencionada no lado dereito dun cadaleito de madeira, como enxoval, na sepultura 161/SM 6; situado por debaixo do altar maior, na ábsida, no lado do Evanxeo, nun lugar preeminente; cunha dirección oeste-este, sendo a única delas que está mirando cara os fieis. A persoa enterrada debeu gozar polo tanto dun alto estatus, posiblemente relacionada cunha alta dignidade eclesiástica, e dende logo, con diñeiro. Sirva como exemplo que, cunha onza, a finais do século XVIII, alugábase un piso no centro de Madrid por un ano. Corría o vellón, pero o ouro era un ben escaso. Tanto as moedas de oito escudos como as de oito reais eran utilizadas habitualmente para grandes pagamentos estatais, gastos de guerra ou débedas, comercio a grande escala tanto interior como exterior, ou para pagamentos de impostos,

pero non era diñeiro de uso corrente; polo que a súa deposición intencionada como enxoval resulta un tanto singular. Non é o máis común. As inhumacións cristiás non adoitan ir acompañadas de obxectos tan ricos e profanos; o que suxire moitos interrogantes sobre a personalidade do finado.

O escudo recibe o seu nome por ter no anverso un escudo; símbolo suficiente para recoñecer o poder dos Austrias no século XVI, en todo o mundo. Foi creado en 1535, con valor de oito escudos e peso entre 26/27 g por Real Cédula do 30 de maio, asinada en Barcelona. Nela ordénase a labra desta nova moeda para financiar a expedición do emperador Carlos I a Túnez, limitando a súa circulación aos territorios polos que a expedición transcorrese. Para esta cuñación masiva trouxéronse á Cidade Condal *monederos* de todos os recunchos do reino, utilizándose para tal fin tanto o ouro procedente do rescate de Atahualpa, como o rescate dos príncipes de Francia, pagado por Francisco I. Aínda que non será ata 1537, nas Cortes de Valladolid, cando se introduza a nova unidade de sistema de ouro castelá, e se fixará a súa lei en 22 quilates de ouro, un 91,66 % de finura e un valor de 350 marabedís. O título e o peso da moeda castelá de ouro non se volverán alterar ata as reformas levadas a cabo pola Casa de Borbón, aínda que o seu valor nominal pasou en 1566, durante o reinado de Filipe II, a 400 marabedís, en 1609; no de Filipe III, a 440, e foise readecuando posteriormente. Así mesmo, a súa tipoloxía non se alterará ata mediados do século XVIII.

Malia os moitos problemas de minguas, falsificacións e irregularidades, este valor, debido á pureza do metal, chegou a alcanzar enorme difusión e gran prestixio. A súa lei mantívose alta e sen cambios, en contraste coas moedas europeas, que durante o século XVII foron diminuindo a súa lei e ata viron alterado arbitrariamente o seu valor; o mercado estranxeiro que obtiña pesos ou onzas españolas, dispoñía para os seus negocios en Europa ou en Asia dunha moeda especialmente estable, rica e forte; e pese aos seus cortes e raspaduras, o valor intrínseco tiña con frecuencia maior valor que moitas outras moedas do mundo, polo que se fundiron e recuñaron en grandes cantidades en diversos países europeos e, nalgún deles, chegaría a ter curso legal. Especialmente o múltiplo de oito escudos. Foi o noso produto máis exportable e prezado en todo o mundo. Baste dicir, que recentemente, o Museo Británico elixiu esta moeda e o seu valor como unha das cen pezas fundamentais para explicar a historia da humanidade.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)  
[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Ana María Veiga Romero

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico

galicia



XUNTA  
DE GALICIA